

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 20/04/2017, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE

José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-
- 3º.- Adxudicación servizos para mellora de hábitats (Anualidade 2017).-
- 4º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:30** horas do día **20/04/2017** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión extraordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 6 de Abril de 2017 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **MARÍA JOSÉ LADO VIGO**, veciña deste Termo Municipal, (Rexistro de Entrada 237 de 24/01/2017) para proceder á rehabilitación dun peche de pedra de 11,80 metros de longo e 1,20 metros de altura existente polo fronte da vivenda (Referencia Catastral 001401900MH75F0001HL),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 20 de Abril de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de

conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de DOLORES MOURE CANOSA, veciña deste Termo Municipal, (Rexistro de Entrada 1049 de 20/04/2017) para proceder á colocación de catro tubos de formigón de 1 metro de longo e diámetro 400 mm apoiados en leito de area e cubertos de cemento, coa finalidade de dar acceso á Parcela 2175, Polígono 502 desa zona, (Referencia Catastral 15038A502021750000DQ),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 20 de Abril de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de GILDO OROÑA PAZ, veciño deste Termo Municipal, (Rexistro de Entrada 925 de 06/04/2017) para proceder ás obras consistentes na reparación de cuberta, no canal de obra interior revestido con lámina de pvc, colocación de fibrocemento en cor vermello e tella do país, construción de cheminea de ladrillo recibada e sombreiro de chapa de aceiro, de canalóns e baixante de aluminio e colocación de fiestra de tellado de 95x75 cm. Nunha edificación sita na citada localidade, con colocación de andamios (Referencia Catastral 000502000MH75F0001FL),

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 20 de Abril de 2017, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de ISIDRO INSUA NEMIÑA, veciño deste Termo Municipal, (Rexistro de Entrada 740 de 20/04/2017) para proceder á realización de obras de conservación de dúas vivendas sitas na mencionada rúa (Referencia Catastral 8827113MH7582N0001PH), consistentes en:

- Substitución das pranchas de fibrocemento da cuberta sobre a que se colocará tella cerámica do país e illarase térmicamente.
- Colocación de algunhas novas viguetas que reforcen o sistema estrutural existente da cuberta.
- Colocación de dúas fiestras tipo velux de dimensións 80x120 cm para mellorar a ventilación do baixocuberta e poder acceder á cuberta no futuro.
- Substitución das fiestras de madeira existente de vidro sinxelo por unhas novas de aluminio lacado con dobre acristalamento.
- Segundo queda acreditado na memoria; os ocos seguirán sendo os mesmos.
- Reparación de fisuras de fachada con pintura branca hidrófuga para exteriores.

Resultando que o informe emitido pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 5 de Abril de 2017 que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

OBRAS MAIORES

1

A) Visto o informe emitido por parte da Arquitecta que presta servizos dentro desta Corporación con data 20/04/2017 en relación coa licenza urbanística concedida o 26/01/2017 a nome dos promotores **JUAN MANUEL SUÁREZ TRILLO E PATRICIA DOMÍNGUEZ CAAMAÑO**, vecinos deste Termo Municipal,

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Aprobar o **Proxecto de Execución** presentado polos Promotores para proceder á **Construción dunha Vivenda Unifamiliar Illada de planta baixa a emprazar nunha parcela con Referencia Catastral 7915793MH7571N0000AJ** sita na Rúa do Voluntariado desta Vila redactado polo Arquitecto José Sar Rodríguez con visado de data 27 de Marzo de 2017 que consta no expediente é o cal deberá axustarse plenamente ; **todo isto por ter presentado o Anexo de Obra Urbanizadora (visado número 1604654.4 de 27 Marzo de 2017)** que forma parte do proxecto en cuestión e **cumprir con tódalas condicións impostas na citada Licenza.-**

2) Conceder licenza para proceder á instalación dos servizos de abastecemento de auga e saneamento con destino a citada construción conectando coas redes xerais dos mesmos nunha lonxitude de 120 metros e 112 metros respectivamente.-

A súa execución deberá levarse a cabo na súa totalidade con suxección as normas que foron determinadas para dita finalidade no outorgamento da citada licenza urbanística.-

3) Notificar este acordo aos promotores para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.-

B) Visto o informe emitido por parte da Arquitecta que presta servizos dentro desta Corporación con data 20/04/2017 en relación coa licenza urbanística concedida o 9 de Novembro de 2016 a nome do promotor JOSÉ MANUEL CANOSA DOMÍNGUEZ, veciño deste Termo Municipal,

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Aprobar o Proxecto de Execución presentado polo Promotor para proceder á Construción dunha Vivenda Unifamiliar de planta baixa e piso a emprazar nunha parcela con Referencia Catastral 15038A502004970000DO sita na citada localidade redactado polo Arquitecto Manuel Marcote Escariz con data de visado 19 de Abril de 2017 e coa modificación introducida da ubicación real da edificación en cuestión que queda determinada no Plano a Escala 1 / 250 que consta no expediente e o cal deberá axustarse na súa totalidade ; todo isto por cumprir con tódalas condicións impostas na Licenza.-

3) Notificar este acordo ó promotor para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.--

3º.- Adxudicación servizos para mellora de hábitats (Anualidade 2017).-

Examinado o expediente de Contratación mediante Contrato Menor para levar a cabo a prestación do Servizo denominado " Actuacións para a preservación e mellora dos Hábitats e da Paisaxe rural litoral con implicación da poboación local de Fisterra " Anualidade 2017 dentro das Parroquias de Santa Maria de Fisterra (ámbito da Praia de Mar de Fora), San Vicente de Duio (ámbito da Praia de Arnela) e San Xoán de Sardiñeiro (ámbito da Praia de Rostro) neste Termo Municipal de Fisterra por un importe total licitatorio de Doce mil setecentos cinco euros (12.705,00 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido en base a Memoria redactada ao efecto, Unha vez efectuada a apertura das Ofertas presentadas en sobre pechado polos licitadores requeridos e que foron presentadas dentro do prazo indicado, resulta o seguinte :

DENOMINACIÓN	OFERTA	IVE	BAIXA
--------------	--------	-----	-------

Sorex Ecoloxia e Medio Ambiente S.L.	10,500,00 €	2.205,00 €	0,00 €
Xestión Agrogandeira e Natureza S.L.	10,500,00 €	2.205,00 €	0,00 €
Asociación para Defensa Ecoloxica de Galiza (ADEGA)	10.450,00 €	2.194,50 €	60,50 €

Seguidamente esta Alcaldía , acorda:

1.- Adxudicar dito servizo a Empresa Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) con CIF G15044811 e domicilio social na Travesa dos Basquiños, 9 Baixo de Santiago de Compostela (CP 15704) por un importe de Deze mil catrocentos cincuenta euros (10.450,00 €) e Dous mil cento noventa e catro euros con cincuenta céntimos (2.194,50 €) do Imposto sobre o Valor Engadido, ó tratarse da proposta económica mais vantaxosa para esta Corporación, supoñendo unha baixa de Sesenta euros con cincuenta céntimos (60,50 €) en relación co tipo de licitación tal e como queda acreditado no expediente e de conformidade co disposto nos Artigos 111 e 138 do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de Novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.-

2.- Notificar dito acordo a adxudicataria facéndolle saber que ditos servizos deberán estar rematados e presentada a Memoria de actuación antes do día 9 de Xuño de 2017 sen que exista posibilidade de prórroga.-

3.- Facultar o Sr. Alcalde para que no nome e representación desta Corporación proceda a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

4º.- Asuntos varios.-

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR SUBMINISTROS

Examinado o expediente tramitado mediante contrato menor coa finalidade de adquirir Subministros destinados ao Mantemento do Alumeado Público (Luminarias Led) con suxección o Prego de Prescricións Técnicas que consta no expediente :

Lote	Denominación	Unidades	Importe	IVE 21%	Total
1	Luminarias Led 35 W	25	5.500,00 €	1.155,00 €	6.655,00 €
	Luminarias Led 60 W	5	1.400,00 €	294,00 €	1.694,00 €
	Brazos Luminarias	5	300,00 €	63,00 €	363,00 €

Visto o Informe de data 20 de Abril de 2017 emitido pola Arquitecta que presta servizos dentro do Departamento de Urbanismo como consecuencia do acordado por esta Xunta na sesión do día 6 de Abril de 2017 co seguinte contido e resultando :

Empresa Saltoki A Coruña S.A.

Oferta económica por importe de 7.457,75 € , presenta toda a documentación técnica requerida, as Luminarias e brazos ofertados cumpren coas características necesarias previstas no prego de prescripcóns que serviu de base a licitación sendo, polo tanto ACEPTADAS.-

Empresa ABC BOIRO S.L

Oferta económica polo importe de 4.057,74 € , presenta toda a documentación técnica requerida, pero nos dous modelos de luminarias ofertadas existe discrepancia no fluxo mínimo emitido polas mesmas entre os documentos presentados, non cumprindo na descripción do presuposto como nos datos técnicos xenéricos cos lúmenes requeridos; incumprimento do Prego de Prescripcóns , sendo polo tanto NON ACEPTADAS.-

Empresa Dielectro Industrial S.A.U.

Oferta económica polo importe de 5.325,66 € , non presenta da documentación requirida as Fichas Técnicas das Luminarias ofertadas polo que non é posible avaliar si se cumpren coas características técnicas necesarias; incumprimento do Prego de Prescripcóns , sendo polo tanto NON ACEPTADAS.-

Seguidamente á vista dos antecedentes, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Adxudicar ós subministros previstos no Lote 1 en favor da Empresa SALTOKI A CORUÑA S.L. , con CIF B 70447032 e domicilio social no Polígono Industrial de Pocomaco, Parcela B 5 de A CORUÑA (CP 15190) nun importe total de Seis mil cento sesenta e tres euros con corenta e tres céntimos (6.163,43 €) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Mil douscentos noventa e catro euros con trinta e dous céntimos (1.294,32 €) que supón unha Baixa de 1.254,25 € en relación o tipo de licitación, por considerala a mellor oferta económica con cumprimento do Prego de Prescripcóns Técnicas.-

Dita adxudicación efectúase mediante contrato menor a tenor do disposto no artigo 111 e 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3 / 2011 de 14 de novembro do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

2) Notificar este acordo ó adxudicatario así como as restantes Empresas presentadas cos recursos legalmente establecidos.-

3) Facer saber ó adxudicatario que deberá proceder a entrega dos Subministros dentro do prazo de quince días naturais (15) contados a partir do día seguinte o recibo da notificación, debéndose formalizar a oportuna Acta de Recepción e cunha garantía de Cinco anos .--

EXPEDIENTE CONTRATO MENOR

Examinado o expediente tramitado mediante contrato menor coa finalidade de adxudicar os servizos de electricidade co motivo das actividades culturais e festexos tradicionais que veñen producíndose anualmente dentro deste Concello,

Resultando que requeridas ofertas os profesionais mediante comunicación de data 28 de Marzo de 2017 que a continuación se indican :

EMPRESA	DOMICILIO	REXISTRO SAÍDA / DATA
Instalaciones Eléctricas Casais S.L.	Rúa Hortas, 7 15155 FISTERRA	603 29/03/2017
Marcelino González Estévez	Calella de Patres, 2 Esquerda 15155 FISTERRA	604 29/03/2017
Mario Paz Martinez	Costa de Xusto, 21 15154 FISTERRA	605 29/03/2017

Resultando que o prazo de presentación rematou o día 7 de Abril de 2017, presentándose unha única Empresa, **MARCELINO GONZALEZ ESTEVÉZ** ó número 915 do Rexistro Xeral de Entrada na data 5 de Abril de 2017 coa seguinte Oferta económica para a realización dos seus traballos durante os eventos previstos para o ano 2017 :

DESCRIPCION	IMPORTE
Festa do Bon Suceso	150,00 €
Concerto Gallaecia	160,00 €
Festival Blues	160,00 €
Entroido de Verán	140,00 €
Festa da Praia	210,00 €
Festa do Longueiron	620,00 €
Festa Folk na Fin do Camiño	250,00 €
Festa do Val de Sardiñeiro	290,00 €
Festa do Carmen	90,00 €
Festa das Dolores en Sardiñeiro	150,00 €
Festa de Vigo de Mallas	185,00 €
SUMA	2.405,00 €
IVE 21 %	505,05 €
TOTAL OFERTA	2.910,05 €

Á vista dos antecedentes, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Adxudicar a prestación destes servizos en favor de Marcelino Gonzalez Estevez polo importe de Dous mil catrocentos cinco euros (2.405,00 €) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Cincocentos cinco euros con cinco céntimos (505,05 €) con cargo a Partida Presupostaria 338.22706 do Presuposto Ordinario actualmente prorrogado para o ano 2017, a tenor do disposto no artigo 111 e 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3 / 2011 de 14 de novembro do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público

12) Notificar o acordo ao adxudicatario para o seu coñecemento e demais efectos.-

3) Facultar o Sr. Alcalde Presidente para que no nome e representación desta Corporación, proceda a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

CONTRATACION OBRAS

Dada conta do acordo adoptado polo Pleno da Diputación Provincial na sesión do día 31 de Marzo de 2017 sobre aprobación do Proxecto modificado da Obra denominada " Mellora do Camiño da Insua-Fisterra " cun presuposto de execución que ascende a cantidade de Setenta e sete mil cincocentos vinte e catro euros con cincuenta e catro céntimos (77.524,54 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido dentro do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (POS 2016) co Código 16.2100.0080.0 .-

Considerando que a obra en cuestión encóntrase actualmente adxudicada á Empresa Búa Construcciones y servicios S.L., a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda requirir ó contratista coa finalidade de formalizar a Acta de Comprobación do Reprateo o día 24 de Abril de 2017 ás 10:00 horas.-

SERVIZOS SOCIAIS

Á vista da petición formulada por parte de A. M. L., veciño de Fisterra, sobre solicitude de Axuda a Domicilio para aseo persoal e seguimento de tratamento médico,

Considerando o informe favorable emitido polo Departamento de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda conceder dito servizo ó interesado polo sistema de libre concurrencia durante unha hora diaria nos termos previstos e acreditados no expediente.--

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión**, ás **21:40 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario , dou fe.